

RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Innovación do 8 de febreiro de 2021 pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado por entidades alleas ás universidades do Sistema Universitario de Galicia correspondente á convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2017.

1. A Orde do 11 de abril de 2017 (DOG núm. 81, do 27.04.2017) estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. O anexo I da citada orde está dedicada a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que ao finalizar o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

2. Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

2. De acordo co Decreto 230/2020, de 23 de decembro (DOG núm. 5, do 11.01.2021), polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Gain e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

3. A Instrución 6/2020, do 28 de outubro, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación (en adiante, Gain) establece as directrices para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento das persoas investigadoras contratadas no Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2017. A avaliación foi realizada por persoas expertas externas ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Unha vez finalizado o proceso, e de acordo co informe das persoas expertas, a Gain,



RESOLVE:

1. Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación para as seguintes persoas investigadoras que obtiveron unha avaliación positiva:

Persoas investigadoras do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A para o ano 2017						
Núm. expediente	ENTIDADE	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Resultado avaliación
IN606B-2017/001	Instituto de Ciencias de Patrimonio do CSIC (INCIPIT)	Almansa	Sánchez	Jaime	***9770**	Positiva
IN606B-2017/002	Instituto de Ciencias de Patrimonio do CSIC (INCIPIT)	Sureda	Torres	Pau	***5143**	Positiva
IN606B-2017/003	Instituto de Ciencias de Patrimonio do CSIC (INCIPIT)	Dal Zovo	-	Cecilia	***1511**	Positiva
IN606B-2017/006	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Méndez	López	Lucía	***8421**	Positiva
IN606B-2017/009	Instituto de Ciencias de Patrimonio do CSIC (INCIPIT)	Currás	Domínguez	Andrés	***2874**	Positiva
IN606B-2017/014	Fundación Profesor Novoa Santos	Carpintero	Fernández	Paula	***3977**	Positiva

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

